

CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 29 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira, punto 1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **4 profesores/profesoras**, dun total de **7 profesores/as** que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.

2.- O **censo electoral do profesorado** está exposto a partir da data no **taboleiro de anuncios da sala de profesorado do centro**.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar **a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 12 de novembro**.

4.- A **mesa electoral** estará formada pola **directora do centro**, que actuará como presidenta, e os **profesores/as de maior e menor idade**, actuando este **último/a de secretario/a**.

5.- Cada profesor/a **fará constar na papeleta de elección un máximo de 4** nomes da lista de candidatos/as.

6.- O **voto** será **directo, secreto e non delegado**.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **18 de novembro, ás 12:00 horas**.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Mondoñedo, 3 de novembro de 2021

A directora do centro e presidenta da Xunta Electoral

María Josefa Cuesta Fernández